

# Xornada de análise e avaliación dos Celga

Xoves 28 de xuño de 2012  
Facultade de Comunicación | Santiago de Compostela



[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)



## Obxectivos xerais

- ✓ Analizar e avaliar o sistema de acreditación do coñecemento de galego.
- ✓ Analizar e avaliar o sistema de formación en lingua para persoas adultas.
- ✓ Facer unha proposta de mellora tanto do sistema de acreditación como do sistema de formación en lingua galega.

## Contidos que se tratarán

- ✓ Análise e avaliación xeral da implantación dos Celga dentro do proceso de normalización lingüística: a capacitación real da cidadanía e do persoal da administración e os requisitos en procesos selectivos, listaxes de contratación, etc.
- ✓ Análise e avaliación do sistema de acreditación dos Celga: as validacións e o modelo de acreditación.
- ✓ Análise e avaliación dos cursos de formación preparatorios: organización e xestión, metodoloxías e contidos, profesorado, selección de persoal e condicións laborais, etc.
- ✓ Proposta xeral de mellora do sistema.

## Persoas destinatarias

- ✓ Profesorado colaborador de cursos Celga.
- ✓ Avaliadores/as das probas Celga.
- ✓ Técnicos/as de normalización lingüística.
- ✓ Responsábeis de entidades relacionadas coa lingua.
- ✓ Persoas interesadas en xeral.

## Lugar

- ✓ Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela

## Dinámica da xornada

- ✓ A idea é que esta xornada sirva para analizar e avaliar tanto o sistema de acreditación do coñecemento do galego e a súa implantación, como o sistema de formación en lingua para persoas adultas e, a partir de aí, facer unha proposta de mellora. Para iso, na xornada haberá diversos relatorios e mesas de traballo sobre aspectos concretos do sistema e espazos para o debate. Partirase dun documento base de análise e proposta que será discutido, completado, etc. Este borrador-proposta de documento seralles remitido ás persoas anotadas uns días antes da xornada.

## Inscrición

- ✓ A inscrición é **de balde**, e debe facerse a través do **formulario** habilitado para o efecto no web da CTNL ([www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)).
- ✓ O número de prazas está limitado a 200, que se adxudicarán por orde de inscrición, dándolles preferencia, en todo caso, ás/aos socias/os da CTNL.
- ✓ O **prazo** de inscrición remata o **23 de xuño**, e a listaxe de persoas admitidas publicarase no web da CTNL o día 25 de xuño.

## Programa

Hora	Sesión	Participante(s)
10.00 h	Benvida	
10.15 h	O sistema Celga	✓ Xaquín Núñez Colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística para os Celga e profesor da Universidade do Minho
11.00 h	Presentación do documento de partida da proposta da CTNL para mellorar o sistema Celga	✓ David Cobas Representante da CTNL
11.30 h	A implantación dos Celga dentro do proceso de normalización	✓ Nel Vidal Representante da CTNL
12.00 h	Pausa	
12.30 h	Análise e avaliación do sistema de acreditación dos Celga: adaptación do antigo sistema ao novo, o axuste dos distintos niveis ao MCERL	✓ Manuel N. Singala Técnico de normalización lingüística da USC
13.00 h	Análise e avaliación dos cursos de formación preparatorios: planificación, organización e xestión	✓ Rosa Moreiras Técnica de normalización lingüística do Concello de Ames ✓ Roberto Rielo Técnico de normalización lingüística do Concello de Teo
13.30	Debate	
14.00 h	Xantar	
16.30 h	Análise e avaliación dos cursos de formación preparatorios: enfoque, metodoloxía, materiais e contidos	✓ Regina Díaz Profesora colaboradora Celga ✓ María López Profesora colaboradora Celga ✓ Anxo Otero Profesor colaborador Celga
17.00 h	Debate	
17.30 h	Análise e avaliación da calidade docente nos cursos de formación preparatorios: situación profesional do profesorado e listaxes de contratación	✓ Carmen Pereiro Profesora colaboradora da SXPL ✓ Gabriel Gómez Profesor colaborador da SXPL ✓ César Caramés Profesor colaborador da SXPL
18.00 h	Debate	
18.30 h	Pausa	
19.00 h	Análise das probas de avaliación dos Celga: criterios de avaliación e tipoloxía das probas	✓ Esperanza Moreiras Profesora de galego na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela ✓ Ana García Avaliadora Celga ✓ Irene Bravo Avaliadora Celga
19.30 h	Debate	
20.00 h	Conclusións xerais e pecha da xornada	



**ctnl**  
Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

**+info**

Entra en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Escribe a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

Chama ao 629 571 950